

RECOÑECIMENTOS MÉDICOS TEMPADA 19/20

Na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada no mes de xullo en Santiago de Compostela aprobouse a proposta por parte da FGBM de que para a tempada 19/20 non se esixa o certificado médico aos deportistas para tramitar as licenzas nas categorías de prebenxamín, benxamín e alevín (agás as/os que xoguen con categoría infantil); nestas categorías será suficiente cunha autorización paterna.

Dende a Federación Galega de Balonmán aínda que nas citadas categorías non sexa de carácter obrigatorio o certificado médico, recomendamos que na medida do posible todas/os as/os xogadoras/es pasen un control médico que acredite a súa aptitude para xogar ao balonmán.

Coa finalidade de facilitar a consecución do certificado médico e ante a dificultade plantexada por algúns clubs para a tramitación do mesmo nos casos necesarios para a participación nas competicións federadas, desde os servizos médicos da FGBM ofrecemos a posibilidade de realizar o certificado médico aos xogadores/as dos clubs interesados desprazando a un facultativo a cada localidade.

REQUISITOS PARA A SOCLITUDE DO SERVIZO

O prezo por certificado médico é de 15€ ; para que a Federación facilite este servizo será obrigatorio:

- A. Mínimo de 25 xogadores.
- B. Realización por parte dos pais dun documento pre-certificado que incluíría a autorización familiar e los antecedentes médicos familiares e persoales de cada xogador/a.
- C. Dispor dunha sala independente onde poder realizar as diferentes probas aos deportistas.

O CERTIFICADO

O certificado consistirá en:

- 1.- Antecedentes médicos (persoales e familiares) aportados nun documento que se dará previamente a cada xogador/a.
- 2.- Exploración cardiorrespiratoria (con auscultación completa, TA, FC e pulsos periféricos).
- 3.- Exploración do aparato locomotor.
- 4.- ECG en reposo.

SOLICITUDE DO SERVIZO

Todos os clubs interesados en facer uso deste servizo deben enviar un mail a servizosmedicos@fgbalonman.com antes domingo 1 de setembro ás 22:00 horas. Unha vez revisadas todas as solicitudes e as localizacións dos clubs, dende os servizos médicos da FGBM organizaranse as visitas para un mellor aproveitamento dos desprazamentos dos facultativos, a data será fixada dende a FGBM.

En Vigo a 28 de agosto de 2019.

